



DEPORTE  
GALEGO



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## REGULAMENTO PARTICULAR



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



Consejo  
Superior  
de Deportes

CAMPIONATO DE GALICIA  
DE RALLYES 2023

PROBA: 45º Rallye San Froilán

PROVINCIA: LUGO

DATA: 20, 21 e 22 de Outubro 2023

## INDICE

<b><u>TITULO I:</u></b>	<b>PROGRAMA HORARIO</b>
<b><u>TITULO II:</u></b>	<b>ORGANIZACION</b>
<b>Artigo 1</b>	Organización
<b><u>TITULO III:</u></b>	<b>MODALIDADES XERAIS</b>
<b>Artigo 2</b>	Puntuabilidade
<b>Artigo 3</b>	Descrición
<b>Artigo 4</b>	Vehículos Admitidos
<b>Artigo 5</b>	Concursantes Admitidos
<b>Artigo 6</b>	Solicitud de Inscripción - Inscripcións
<b>Artigo 7</b>	Dereito de Inscripción - Seguros
<b><u>TITULO IV:</u></b>	<b>OBLIGACIONES XERAIS</b>
<b>Artigo 8</b>	Publicidade
<b><u>TITULO V:</u></b>	<b>DESEÑO DA PROBA</b>
<b>Artigo 9</b>	Recoñecementos
<b>Artigo 10</b>	Hora Oficial do Rallye
<b>Artigo 11</b>	Penalizacións
<b>Artigo 12</b>	Premios

### **PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

<b><u>ANEXO II:</u></b>	CONTROL DE TEMPOS
<b><u>ANEXO III:</u></b>	LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD
<b><u>ANEXO IV:</u></b>	TERMINOLOXIA
<b><u>ANEXO V:</u></b>	ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES
<b><u>ANEXO VI:</u></b>	ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE
<b><u>ANEXO VII:</u></b>	ITINERARIO - HORARIO
<b><u>ANEXO VIII:</u></b>	PARQUES PECHADO, E DE TRABALLO
<b><u>ANEXO IX:</u></b>	CARAVANA RALLYES
<b><u>ANEXO X:</u></b>	OUVREURS
<b><u>ANEXO XI:</u></b>	PODIO DE SAÍDA
<b><u>ANEXO XII:</u></b>	SISTEMA GPS
<b><u>ANEXO XV:</u></b>	SUPER RALLYE
<b><u>ANEXO XVI:</u></b>	DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS

## I - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	
18/09/2023	10:00	Apertura de inscricións (Pilotos inscritos no Campionato)	ON-LINE <a href="http://WWW.FGA.ES">WWW.FGA.ES</a>	
20/09/2023	10:00	Apertura de inscricións (Resto de pilotos)	e-mail: <a href="mailto:inscripcionrsanfroilan@gmail.com">inscripcionrsanfroilan@gmail.com</a>	
09/10/2023	20:00	Peche de inscricións	Tlfn.: 674 536 614	
11/10/2023	16:00	Publicación do percorrido	<a href="http://rallysanfroilan.org">rallysanfroilan.org</a>	
13/10/2022	19:00	Publicación da Lista de Inscritos	<a href="http://www.fga.es">www.fga.es</a> // <a href="http://rallysanfroilan.org">rallysanfroilan.org</a> // Sportity	
14/10/2023 15/10/2022 19/10/2022	08:30 a 12:00	Entrega documentación para os recoñecementos (entregarase o propio día que cada equipo teña asignado)	<b>HOTEL FORUM CEAO</b> Rua dos Canteiro,s/n Poligono do Ceao 27003 Lugo	
14/10/2023 15/10/2022 19/10/2022	09:00 a 21:00	Recoñecemento dos treitos cronometrados (o Road-Book entregarase o propio día que cada equipo teña asignado)	Nos treitos cronometrados	
20/10/2023	09:00 a 10:30	Verificacións administrativas	Nº 1 a Nº 40	
	10:31 a 12:00		Nº 41 a Nº 80	
	12:01 a 13:30		Nº 81 a Nº 120	
	13:31 a 15:00		Nº 121 a Nº 150	
	09:30 a 11:00	Verificacións técnicas	Nº 1 a Nº 40	
	11:01 a 12:30		Nº 41 a Nº 80	
	12:31 a 14:00		Nº 81 a Nº 120	
	14:01 a 15:31		Nº 121 a Nº 150	
	<b>ATENCIÓN</b>	OBLIGACIÓN DE TRAS AS VERIFICACIÓN TECNICAS LEVAR O VEHÍCULO DIRECTAMENTE O PARQUE PECHADO, SEN PASAR POLO PARQUE DE TRABALLO		Lugo
	17:30	Hora límite presentación vehículos no Parque Pechado		Lugo
	17:45	Publicación Lista de Autorizados a tomar a saída		<a href="#">Atodomotor // sportity</a>
	18:20	Saída 1º participante a 1ª Sección		Lugo
	21:30	Cerimonia de Saída		Praza de España, Lugo
	21:50	Chegada 1º participante 1ª sección		Lugo
21/10/2023	0:00	Publicación Lista de Autorizados a tomar a saída 2ª sección		<a href="#">Atodomotor // sportity</a>
	08:30	Saída 1º participante 2ª sección		Lugo
	10:51	Chegada 1º participante 2ª sección - Reagrupamento 1 (40')		Lugo
	11:31	Saída 1º participante 3ª sección		Lugo
	16:13	Chegada 1º participante 3ª sección - Reagrupamento 2 (30')		Rua Calvo Sotelo, Sarria
	16:43	Saída 1º participante 4ª sección		Rua Calvo Sotelo, Sarria
	20:29	Chegada 1º participante 4ª sección		Lugo
	21:00	Celebración podio final 3 primeiros Clasificados Xeral		Parcking Auditorio Gustavo Freire
	21:15	Verificacións finais de oficio		<b>LCR MOTOR</b>
	23:15	Entrega de Trofeos Oficiosa		LUGO
23:30	Publicación de resultados		Atodomotor / Sportity	

**Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):** Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada a Parque de Asistencia:  
**Venres 20/10/2023 de 08:30 ata 17:30**  
**Sábado 21/10/2023 de 06:00 ata 07:30**

## TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 18 de Setembro ás 10:00 horas, ata o día 19 de Outubro ás 20:00 horas estará situado na Secretaría Xeral da Proba, sita en:

### **ESCUDE RÍA MIÑO LUCENSE**

Rúa das Leiteiras Nº8 (Pol. Ind. do Ceao)

C.P.:27003 de Lugo

Teléfono: 663 127 161

e-mail: [ralisanfroilan@gmail.com](mailto:ralisanfroilan@gmail.com)

Dende o día 20 de Outubro ás 09:00 horas, ata as 03:00 horas do día 22 de Outubro, na Oficina Permanente do Rallye, sita en **Hotel Forum Ceao**, Polígono Industrial O Ceao, Rúa dos Canteiros, S/N, 27003 Lugo.

## II- ORGANIZACIÓN

### **Artigo 1- Organización**

#### **Artigo 1.1- Definición**

A **ESCUDE RÍA MIÑO LUCENSE** organiza o **45º Rallye San Froilán**, que se desenvolverá dende o día 20 ó día 22 de Outubro do ano **2023**

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2023, as prescricións comúns para rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 27 DE SETEMBRO DE 2023.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA - 052 - RA.**

#### **Artigo 1.2 - Comité de Organización**

**PRESIDENT@** D<sup>a</sup>. Maite Vilanova López

**VOCAIS**  
D. Luis Vilanova López  
D. Israel Arias González  
D. Borja Vilanova Rio  
D. Jose Luis Vilanova Pérez

**SECRETARIO** D. Jose Luis Vilanova López

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

#### **ESCUDE RÍA MIÑO LUCENSE**

Rúa: das Leiteiras, Nº8 Pol. Ind. Do Ceao

C.P.: 27003 Municipio: Lugo Provincia: Lugo

Teléfonos: 663 127 161

Web: [rallyesanfroilan.org](http://rallyesanfroilan.org) e-mail: [ralisanfroilan@gmail.com](mailto:ralisanfroilan@gmail.com)

#### **Artigo 1.3. Oficiais:**

##### **Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. Maite Vilanova López DC-0051-GA-AUT

##### **Comisarios Deportivos:**

Presidente: D. Roman Lamas Fernandez DC-0081-GA-AUT

D. Vitoriano González Boulosa CD-0001-GA-AUT

D. Jesús Fandiño Sánchez CD-0934-GA-AUT

Oínte D<sup>a</sup> María Zas Suárez DC-1702-GA-AUT



Oínte D<sup>a</sup> Elsa González Meixús DC-0054-GA-AUT  
Oínte D<sup>a</sup> Vanesa Maquieira Chaves DC-1211-GA-AUT

**Observador da F.G. de A.:**

D. Manuel Perez Vega OBS-0080-GA-AUT

**Delegado de Seguridade da F.G. de A.:**

D. Moisés Garcia Fernandez DC-0416-GA-AUT

**Director da Carreira-Oficina:**

D. Ignacio J. Davila Estévez DC-0020-GA-AUT

**Xefe de Cronometraxe**

D. Francisco López Teijeiro DC-0412-GA-AUT

**Comisarios Técnicos da F.G.A. Para control xeral e das Fórmulas de Promoción:**

Presidente: D. Jose A. Martinez Del Rio JOC-0090-GA-AUT  
Vocal D. Óscar Martinez Del Rio JOC-0091-GA-AUT

**Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:**

Vocal: D. J. Alberto Sanchez Fdez. JOC-0413-GA-AUT  
Vocal. D. Francisco López Vidal JOC-1652-GA-AUT

**Xefes de treito:**

Equipo A D. Sergio Fdez. Francisco JDA-0444-GA-AUT  
Equipo B D<sup>a</sup>. Silvia Costilla Abalde DC-0121-GA-AUT  
Equipo C D. Miguel Nogueiras Cuevas JDA-0442-GA-AUT

**Xefes de Seguridade Vial Treitos:**

Equipo A D. Rodrigo Tielas Riveiro DC-0955-GA-AUT  
Equipo B D. David Sierra Pereira JDA-0555-GA-AUT  
Equipo C D. Manuel Carballo Logo DC-0571-GA-AUT

**Responsable Equipos Cronometraxe:**

D. Francisco López Teijeiro DC-0412-GA-AUT

**Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":**

D. Jose Luis Vilanova López CD-0052-GA-AUT

**Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):**

Verde D. Antonio Villar Costoyas CD-0739-GA-AUT  
D. David Míguez Castro CD-0562-GA-AUT

**Vehículo "00" (ESCOBA):**

Vermello D. Jordi Carballal Fernandez DC-0499-GA-AUT

**Servizo Informático e publicación de tempos:** ATODOMOTOR

**Servizo de Ambulancias:** Ambulancias Apostol

**Servizos Médicos:** E.M.S. Galicia

**Centros Asistenciais:** POLUSA,HULA, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

**Servizo de Guindastres:** RIVAS GUEIMONDE S.L.

**Nota:** En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

### III - MODALIDADES XERAIS

#### Artigo 2 - Puntuabilidade

O **45º Rallye San Froilán** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (pilotos e copilotos).
  - Campionato de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos (pilotos e copilotos).
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 6.
  - Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 7.
  - Copa de Galicia de Rallyes para Escudaría.
  - Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos.
  - 4º Supercampionato R5 Recalvi
  - 14º Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia
  - 18º Volante FGA – 7ª Promoción Xoven Piloto de Galicia (Beca PXP24)
  - 14º Copa Pirelli AMF Motorsport
- E as que designe a F.G. de A.

#### Artigo 3 - Descrición

O **45º Rallye San Froilán**, consta dun percorrido total de **502,66 quilómetros**, dos cales **111,90 quilómetros** corresponden a 10 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **4 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá 5 Parques de Traballo.

#### Artigo 4 - Vehículos Admitidos

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia 2023 serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A ata 1600 c.c. de acordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo A de acordo co artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N de acordo co artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S-2000 de acordo co artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, de acordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", SCC, N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego).
- Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó artigo "Anexo J", do ano 1981 inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.

Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, SCC, H, N1, N2, N3, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.

A efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes **AGRUPACIÓNS**:

- \* Históricos ata o ano 1981 inclusive. Grupo X a partir o ano 1985 inclusive.
- \* Históricos admitidos nas diferentes agrupacións baixo supervisión e aceptación por parte da Comisión Técnica da FGA.

Os Históricos teñen que poñer o coche segundo a ficha de homologación e a brida da súa época que lle corresponda, sempre que sexa solicitada á Comisión Técnica e aprobada-autorizada para os efectos de participación. de non solicitalo ou que a Comisión Técnica decida non autorizar ( F. H.) terán que instalar brida de 34 milímetros para todos os efectos de verificación técnica e administrativa.

A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída dun só vehículo.

**Artigo 5 - Concursantes Admitidos.** Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2010	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2016	1200	33
	WRC 1.600 cc // Rally 1	Art. 255A dende Anexo J FIA 2017	1190	36
	R5 (VR5) // Rally 2 (VRa2)	Art. 261 Anexo J FIA	1230	32
	Rally 2 Kit (VR4K)	Art. 260E Anexo J FIA	1230	33
	Rally 3 (Ra3) 4x4	Art. 260 Anexo J FIA	1210	30
	R4	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1300	33
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A ata Anexo J FIA 2013	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A ata Anexo J FIA 2013	1200	---
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2	
Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.	
2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
3	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---	

	Gr .N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
4	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5 Atmo -1.600cc Turbo -1.333cc (Ra5)	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X -1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
5	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
6	Históricos + 1.600 cc	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
7	Históricos* -1.600 cc	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34

### **Artigo 6 - Solicitud de Inscripción - Inscripciones**

**6.1.-** Todo equipo que desexe participar no **45º Rallye San Froilán**, terá que cumprimentar telemáticamente en [www.fga.es](http://www.fga.es) o formulario de inscripción. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: [inscripcionrsanfroilan@gmail.com](mailto:inscripcionrsanfroilan@gmail.com) antes do peche do prazo de inscripción.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 do día 09 de Outubro de 2023.

**6.2.-** O número de inscritos fíxase nun máximo de **150** vehículos.

**Teléfono para as inscricións e consultas sobre as mesmas: 674 536 614**

**6.3.-** Os dereitos de inscripción deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES81 2080 0165 7830 4003 3859** de **ABANCA** (Sucursal de LUGO)  
**NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE**  
**UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS**

**6.4.-** Admitiranse Inscripciones condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

**6.5.-** A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

**6.6.-** O peche de inscricións realizarase, con data límite, catro días (luns) antes do principio dos adestramentos, publicándose a relación de inscritos e o orden de saída proposto polo Organizador, co visto e prace do habilitado da F.G. de A., alomenos un día antes do comezo dos adestramentos do rallye. As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador do rallye á Federación Galega de Automovilismo. O habilitado poderá variar a lista de inscritos, proposta polo Comité Organizador da proba, si fora en contraposición ou interese do sentido participativo (potencia/cualificación) en claro prexuízo doutros equipos. Os cambios de número, ou de posición do posto de saída dos equipos participantes, prohibítese aos Colexios de Comisarios Deportivos unha vez publicada a Lista de Inscritos asinada polo habilitado da Federación Galega de Automovilismo.

**NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA  
TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 6**

### **Artigo 7 - Dereitos de Inscripción - Seguros**

**7.1.-** Os dereitos de inscripción fíxanse en:

**7.1.1.- 330 € (+aluger GPS)** aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización + **30 €** do aluguer do GPS obrigatorio, ascendendo a inscripción a un total de **360 €**.

**7.1.2.- 660 € (+aluger GPS)** NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

**7.1.3.- En caso de existir a posibilidade de optar a unha segunda xornada engadida de recoñecementos deberase abonar un suplemento de 30 €.**

**7.2.-** A solicitude de inscripción non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.



**7.3.-** Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

**7.4.-** Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

## IV - OBRIGACIÓNS XERAIS

**Artigo 8 – Publicidade,** A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

**Obrigatoria:** LEITE RIO (Optipro)

**Facultativa:** SIDE GAL e resto (A definir en Complemento)

**V - DESENROLO DA PROBA.** Estarase ó disposto no Regulamento Xeral de Rallyes do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo

**Artigo 9 - Recoñecementos.** Realizaranse os días estipulados no presente regulamento, e regulados segundo o establecido no Artigo 7.2. do Reg. Xeral de Rallyes.

**Artigo 10 - Hora Oficial do Rallye.** Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web [www.time.is](http://www.time.is).

**Artigo 11 – Penalizacións.** As penalizacións son as previstas no Regulamento Tipo Xeral de Rallyes de Asfalto da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2023.

**Artigo 12 – Premios.** Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.500,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.100,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	825,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	625,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	375,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	325,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

1º	240,00 €uros e Trofeo
2º	120,00 €uros
3º	90,00 €uros

AGRUPACIÓNS (6 e 7)	
1º	200,00 €uros e Trofeo
2º	100,00 €uros e Trofeo
3º	Trofeo

TOTAL PREMIOS	
7.600,00 €uros	

### AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4 e 5)

**Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.**

D<sup>a</sup>. Maite Vilanova López provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número DC-00500-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Lugo, a 25 de Septiembre de 2023

Director da Proba  
D. Ignacio Davila Estévez  
(Presidente)  
D.N.I. 36126937-D  
Lic. DC-0020-GA-AUT

Xefe Seguridade Vial  
D. J. Luis Vilanova López  
D.N.I. 33.801.509-L  
Lic. CD-0497-GA-AUT

Entidade: Escudería Mix Rallye Sports  
D<sup>a</sup>. Maite Vilanova López  
C.I.F.: G-27515717  
Lic. DC-00500-GA-AUT



---

---

## PROGRAMA-HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

---

---

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	20 de Outubro de 2023	11:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en:  <b>HOTEL FORUM CEAO</b> Polígono Industrial O Ceao, Rúa dos Canteiros, S/N, 27003 Lugo
2ª	20 de Outubro de 2023	17:00	
3ª	21 de Outubro de 2023	22:00	

### **ANEXO II**

**CONTROL DE TEMPOS** estarase ao disposto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

### **ANEXO III**

#### **LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK). Artigo 6 das Prescricións Comúns para Rallyes**

6.1 Os Organizadores confeccionarán un libro de ruta (Road Book). Este deberá estar en disposición dos concursantes o día dos recoñecementos publicado no regulamento particular da proba. No mesmo deberá constar a data da súa publicación. Toda modificación no percorrido deberá ser rapidamente comunicada ós Concursantes, publicada no taboleiro de anuncios e entregada a tódolos participantes, referendándose o seu recibo mediante asinamento, coa máxima antelación posible.

6.2 Contido do libro de ruta.

6.2.1 No principio do libro de ruta deberanse incluír páxinas informativas que conteñan como mínimo a seguinte información:

- Unha páxina explicativa cos símbolos utilizados.
- Unha referencia para calibrar o contaquilómetros.
- Itinerario-Horario completo.
- Mapa xeral do percorrido e mapa ou mapas a menor escala con unha definición suficiente para identificar e diferenciar o percorrido dos tramos cronometrados do resto de vías que compoñen o mapa.
- Croques e planos de situación de cerimonia, parques pechados, reagrupamentos, zona de asistencia e controis horarios. Permítese intercalar os croques e planos na parte do percorrido da proba.
- Documento de reincorporación de un vehículo a carreira (Super Rallye).

6.2.2 Percorrido íntegro da proba. Cando unha ruta do rallye se repita (por exemplo, dúas seccións idénticas), se permitirá economizar a impresión do Libro de ruta imprimindo un xogo común para os percorridos duplicados. En ese caso deberase ter en conta o seguinte:

- A cabeceira de cada páxina deberá incluír os diferentes números de TC's e/ou controles afectados. Ó final do bucle se deberá incluír unha referencia clara (Ex.: 'Volver á páxina X') para a segunda pasada. Deberá detallarse claramente calquera variación entre as dúas pasadas.
- Deberase incluír, ó principio dos percorridos normais, un índice que facilite a rápida localización da información do percorrido a realizar.

6.2.3 A continuación do percorrido da proba incluíranse:

- os percorridos alternativos para cada sector debendo ser nunha cor diferente ó resto do libro de ruta.
- As indicacións para volver dende a chegada de cada treito cronometrado ata á saída do mesmo, a efectos de facilitar os recoñecementos, ou no seu caso un plan alternativo.

6.2.4 Ó final do libro de ruta deberase incluír unha páxina co 'SOS' e 'OK'.

### 6.3 Normas obrigatorias:

O sentido de lectura será de arriba a abaixo. A unión das follas efectuarase cunha espiral que permita unha apertura de 360 grados e sexa resistente a numerosas manipulacións. Na parte superior de cada páxina se indicará o número de etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e os controis. Cada información será numerada e separada da seguinte por liña horizontal, volvendo a cero a numeración en cada control horario. As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 100 metros non serán separadas entre sí. Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina. Autorízase a impresión tanto a cor, como en gris e negro, recomendándose en este último caso imprimir a cor as páxinas que conteñan fotografías e mapas. Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar. En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior. O grosor do trazo indicará a dirección a seguir. Toda información que non poida ser vista dende a estrada deberá aparecer entre paréntese. Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controis. As saídas, chegadas, parque pechado e de traballo deberán estar sinalizadas con latitude e lonxitude. En saída e chegada dos treitos será obrigatorio indicar as coberturas das principais compañías telefónicas. As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta. Tódolos paneis de cambio de dirección que existan na ruta deberán aparecer coa data sinalando a dirección real. Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados. As indicacións deberán ser lexibles, tendo en conta que van a ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha. Os puntos de radio deberán estar marcados cunha sinal específica. Cada sector comezará nunha páxina nova. Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto, por exemplo cun recadro ou utilizando unha cor diferente. Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous, tres signos de admiración. As informacións deberán dispor dun espazo libre suficiente para que os participantes poidan incluír os seus propios comentarios.

6.4 No caso de que a proba teña previsto a celebración de un Shakedown deberá incluír o percorrido dende o parque de asistencia hata a saída do Shakedown, o percorrido para volver dende a chegada do mesmo á saída sen pasar polo parque de asistencia no caso de contemplar esta posibilidade, e o percorrido dende a saída do shakedown ata o parque de asistencia, resaltando a parte do percorrido do shakedown de idéntica maneira a como se determina no artigo 6.3 para diferenciar un tramo cronometrado.

6.5 Suxerencias: Indicar a media dos sectores de enlace. Indicar nos treitos de velocidade o tempo récord do mesmo. Facer figurar os puntos de referencia de forma ben evidente. Sinalar os cambios do piso, por exemplo, de asfalto ou terra ou viceversa, por un dobre trazo na liña vertical central.

## MODELO DE FOLLA DO ROAD-BOOK

SECCIÓN: 1	C.H.S. 7	DISTANCIA: 32,90 Km.
	TRAMO B-1 DESGUACES GIL	TEMPO A EMPREGAR: 43"
SECTOR: 5	C.H.L.L. 8	PROMEDIO: 45,90 Km/h
	REAGRUPAMIENTO "A CANUDA"	

DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIONES	Kms. Próximo C.H.
TOTAL	PARCIAL			
8,45	0,55	16	LOCAL 3,53	24,35
10,30	1,85	17	LOCAL E-6 1,68	22,50
11,98	1,68	18	LOCAL C.H.L.L. TC-B1 STOP 0,00	20,82
12,10	0,12	19	LOCAL	20,70
12,20	0,10	20	C.STOP TC-B1 CONTROL STOP TC-B1 PROMEDIO: 47,54 Km/h TEMPO: 26"	20,60

PAX: 39

PASAR A PAXINA CON RAPIDEZ PROXIMA REFERENCIA A MENOS DE 100 m

## ANEXO IV

### TERMINOLOXIA

**Sector de enlace**

Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.

**Sección**

Conxunto de sectores de enlace comprendidos:  
- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.  
- entre dous reagrupamentos sucesivos.  
- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.

**Etapa**

Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.

**Neutralización**

Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.

**Reagrupamento**

Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.

**Parque Pechado**

Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.

**Complemento**

Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.  
Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.  
Os Complementos deben estar numerados e datados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante sinatura.

**Carné de Control**

Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.

**Treito Cronometrado**

Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

## ANEXO V

### ENCARGADO/A DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

#### MISIONS PRINCIPAIS

Informar aos concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir ás reunións do Colexio de Comisarios Deportivos coa fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concurstantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante (peto reflectante de cor laranxa preferentemente).
- 2) Ser presentado/a a ós concursantes durante un briefing ou comunicado con foto.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

#### PRESENZA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o/a encargado/a das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do Meeting
- A Saída da Proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallye

#### Función

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

#### Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisar as dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O/A encargado/a das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras mal soantes ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

## ANEXO VI.- SEGURIDADE

### PROTOCOLO DE SEGURIDADE

#### NOS RALLYES APROBADOS POLA F.G. DE A.

- [Artigo 1º:](#) INTRODUCCIÓN
- [Artigo 2º:](#) PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE UN PLAN DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS
- [Artigo 3º:](#) RESPONSABILIDADE DOS OFICIAIS
- [Artigo 4º:](#) CARAVANA DE SEGURIDADE
- [Artigo 5º:](#) PREPARACIÓN DO TREITO CRONOMETRADO
- [Artigo 6º:](#) MEDIOS PARA CADA TREITO CRONOMETRADO
- [Artigo 7º:](#) MONTAXE DE COMUNICACIÓNS E SEGUIMENTO G.P.S.

#### [Artigo 1º: INTRODUCCIÓN](#)

A Federación Galega de Automobilismo, regula por medio deste protocolo, os procedementos de seguridade para as probas que forman parte do Campionato de Galicia de Rallyes.

O que a continuación se expón entenderase de obrigado cumprimento por razóns de seguridade para os organizadores das probas de ditos campionatos.

#### [Artigo 2º: PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE UN PLAN DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS](#)

##### [2.1- PRESENTACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE](#)

Todo Comité Organizador que solicite a FGA un permiso de organización para a realización dunha proba deportiva, deberá enviar no prazo máximo de 60 días antes da realización da mesma, o correspondente Regulamento Particular da proba e **CONXUNTAMENTE**, o PLAN de SEGURIDADE E EMERXENCIAS, o cal abreviaremos a partir de agora como Plan de Seguridade, que deberá cumprir os artigos establecidos en este protocolo de seguridade.

##### [2.2- APARTADOS DO PLAN DE SEGURIDADE](#)

O PLAN DE SEGURIDADE deberá incluír como mínimo, os seguintes puntos que a continuación se indican;

#### **A.- PROGRAMA HORARIO DA PROBA**

#### **B.- UBICACIÓNS DA PROBA:** Indicarase como mínimo as seguintes:

- .- Oficina Permanente
- .- Verificacións administrativas: Hora e lugar
- .- Verificacións técnicas: Hora e lugar
- .- Saída da Proba: Hora e lugar
- .- Parque de Traballo: Indicarase ubicación, con mapa e situación da entrada e saída
- .- Parque pechado: Indicarase ubicación, con mapa e situación da entrada e saída
- .- Fin da Proba: Hora e lugar
- .- Entrega de Trofeos: Hora e lugar

#### **C.- CADRO HORARIO DOS TREITOS**

#### **D.- CADRO HORARIO DOS VEHÍCULOS DA CARAVANA DE SEGURIDADE,** identificando o número de vehículos así como o persoal licenciado o efecto

#### **E.- ITINERARIO HORARIO,** completo con detalle dos sectores de enlace

#### **F.- PLANO XERAL DA PROBA** ( mapa das verificacións, cerimonia, parques estreitos cronometrados)

#### **G.- CADRO DE OFICIAS,** indicando Nome, Cargo e Número de Licenza. (Publicarase na semana anterior a proba na web da FGA)

#### **H.- AVISOS SANITARIOS;** Deberán incluírse.

- .- Plan de traballo dos Servizos Médicos dos Vehículos R
- .- Carta de Alerta dos Hospitais Públicos, selada por Rexistro de dito Hospital, que este relacionado co recorrido da proba.
- .- Carta de Alerta a AXEGA, selada por Rexistro de dita Axencia.
- .- Carta de Alerta ó CENTRO DE COORDINACIÓN 061, selado por Rexistro.

- Certificado de contratación das Ambulancias que prestaran servizo na proba, selado por o responsable da empresa contratada.

- Información dos Bombeiros, ou Protección Civil que prestara servizo de contraincendios e Rescate na proba.

- Servizo de Guindastres.

En caso de imposibilidade de indicar no momento da realización do Plan de Seguridade, dos números de teléfono de contactos que se solicitan, o Organizador deberá facer chegar a todos os responsables dos medios de seguridade e emerxencias da proba, así como os Xefes de Treito, Xefes de Seguridade de Treito e membros da Caravana de Seguridade, dita relación de entidades, nomes e teléfonos.

**I.- PLAN DE SEGURIDADE PARA CADA TREITO CRONOMETRADO**, no cal deberán figurar os oficiais clave, os servizos de emerxencia do treito, os números de teléfono, etc, ademais de un mapa detallado do treito. Este punto especificarase con detalle neste mesmo documento mais adiante noutro artigo concreto.

**J.- PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN**, onde se especifique e indique, o recorrido a realizar por os medios de emerxencias cando teñan que trasladar a un ferido dende o treito cronometrado ata o Hospital ou PAC de referencia. Especificaranse tanto dende Saída, Punto Medio e Meta, e ademais indicarse un tempo aproximado de chegada dende o punto de evacuación ata o centro asistencial, a fin de facilitar a labor o director de carreira de si decidir neutralizar ou non o treito seguinte por falla de tempo.

Aparte destes percursos, recoméndase que se poida mencionar dentro de cada treito, e sinalalo no mesmo, unha posible zona de aterraxe dun Helicóptero Médico.

**L.- TODOS OS PUNTOS ANTERIORMENTE INDICADOS PODRÁN SER MODIFICADOS A POSTERIORI DA ENTREGA, MEDIANTE COMPLEMENTOS QUE TERÁN QUE SER APROBADOS POLA FGA.**

Este plan de Seguridade sufrirá unha revisión por parte do Delegado de Seguridade, que poderá recomendar modificacións e variacións por motivo de Seguridade, e comprobará o día da proba que se cumpre todo o que nel se especifica.

### **Artigo 3º: RESPONSABILIDADE DOS OFICIAIS**

#### **3.1- DIRECTOR DE CARREIRA**

O director de carreira e o responsable de que o evento se desenrole de maneira segura, tomando todas as decisións e medidas necesarias para elo, apoiándose no persoal competente que lle asista na redacción e implementación do plan de seguridade. Dado o caso, é responsable de aplicar o plan da maneira mas práctica que sexa posible.

Tamén é responsable de informar ó colexio de Comisarios Deportivos sobre todos os temas urxentes e sempre en colaboración co Xefe de Seguridade.

#### **3.2- XEFE DE SEGURIDADE**

- Participa na elaboración do plan de seguridade.

- Estará en contacto en todo momento co Equipo de Montaxe da Seguridade dos Treitos, e comprobará que estes cumpran o plan de Seguridade.

- Xunto co Director de Carreira e o comité Organizador, designa os oficiais para a Caravana de Seguridade.

**3.- Xunto co Director de Carreira e o Xefe de Treito**, designa os oficiais de seguridade para a saída, chegada, e os puntos necesarios no treito.

- En colaboración con cada Xefe de Seguridade de Treito, prepara un planing onde se indican os puntos de encontro e situación das Ambulancias, Bombeiros, Equipos de Rescate, Cronometradores, Comisarios de Radio e Comisarios de Seguridade.

- Antes do inicio da proba, asegurarse de que todo o persoal este debidamente formado e teña clara as responsabilidades que teñen asignadas.

- O día da proba, comprobará que todos os vehículos de seguridade e o persoal auxiliar esta debidamente situados, e debe asegurar que todos os dispositivos médicos e de Rescate estean ubicados correctamente.

#### **3.3- XEFE DE TREITO**

- Deberá redactar unha listaxe de necesidades do treito cronometrado, así como do material e do persoal que precise.

- Encargarase de coordinar a todos os medios e persoal que colaboren no seu treito, facilitándolles as ubicacións, materiais e medios.

- Deberá encargarse da correcta colocación das pancartas e sinais dos Controis, así como do correcto montaxe e ubicación dos sistemas de cronometraxe.

- Estará en contacto directo en todo momento co Director de Carreira, e non tomará ningunha decisión sen que este lla autorice ou ordene.

- Durante o treito, non se moverá da Saída.

#### **3.4- XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO**

- Deberá informarse o antes posible sobre o treito cronometrado que lle fose asignado para coñecelo en detalle. Este implica recorrer o treito cronometrado antes da proba para ser coñecedor do mesmo, dos puntos conflictivos, dos posibles problemas, dos percursos de evacuación, etc...



- Xunto co Xefe de Seguridade, designará os comisarios de seguridade que colaborarán con el no control do Treito.
- Será responsable de comunicarse co Xefe de Seguridade co fin de implementar as zonas de Prohibido e Autorizado Público.
- Estará en contacto constante co Xefe de Treito e cos comisarios de Radio e Seguridade do treito
- En contacto co Responsable de Comunicación do Treito, informará os puntos de Radio do paso de vehículos
- Un dos principais problemas que temos o preparar un treito cronometrado e asegurarnos que todo este correctamente montado antes da chegada do público. Non ten sentido preparar un tramo despois da chegada deste, xa que será difícil desprazalos as zonas correctas de ubicación.
- A programación do treito debe establecer unha hora na que o Xefe de Seguridade do Treito o recorra para comprobar que todo estea en orden, e se fose necesario, informar os comisarios de Seguridade, Ruta e Radio de calquera información adicional.

### 3.5- COMISARIOS DE RUTA E SEGURIDADE

- Estarán posicionados o longo do Treito.
- Dependen do Xefe de Seguridade de Treito
- Recibirán a formación adecuada para a súa función
- Estarán equipados con silbato co fin de manter o público alonxado das zonas prohibidas o público e informarles do paso dos vehículos.
- Deberán levar chalecos de identificación que os identifique.

### **TODO O PERSOAL QUE ACTUE NA PROBA DEBERÁ LEVAR CHALECO IDENTIFICATIVO**

#### Artigo 4º: CARAVANA DE SEGURIDADE

##### 4.1- DEBERES DOS VEHÍCULOS DA CARAVANA DE SEGURIDADE

Os vehículos da caravana de seguridade percorreren os treitos cronometrados antes do paso dos vehículos de competición, co fin de comprobar a correcta preparación e montaxe da seguridade do treito, dos controis e do posicionamento do público.

Os vehículos de seguridade deberán circular co treito pechado ó tráfico, este non implica que os vehículos dos equipos de montaxe, comisarios, etc, circulen polo treito para asegurar a seguridade de público e participantes antes do peche do mesmo.

Recomendase pre-encintar e pre-señalizar os treitos con antelación, para que unha vez cerrado o tráfico poder realizar o encintado definitivo o antes posible e sen producir atrasos a proba.

**Hai que recordar que un vehículo fora de control pode recorrer unha distancia moi longa. E importante asegurarse de que o público este suficientemente alonxado dos puntos perigosos, e sobre todo en lugares elevados.**

O vehículo 0 deberá portar carnet de control para asegurar que todos os cronometradores se familiaricen co mesmo e co uso do sistema de cronometraxe.

##### 4.2- RESUMO DE FUNCÍONS, MATERIAIS E VEHICULOS DA CARAVANA



## Composición da caravana de seguridade

**CINTAS** 70'

### Vehículo Cintas

Dispoñeráse igualmente dun vehículo que poderá traballar no mesmo ata última hora. Recoméndase o organizador que este vehículo sea unha furgoneta. Realizará a revisión das montaxes das zonas especiais de seguridade e os peches de camiños correspondentes, corrixindo a pedimento do responsable do vehículo de Seguridade todas as deficiencias atopadas.

**XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO** 60'

### Vehículo Xefe de Seguridade Treito

A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar e comprobar o correcto montaxe dos peches de camiños e ou estradas previstos no plan de seguridade. Tras el circulará o denominado vehículo Cintas o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.

**MONTAXES** 60'

### Vehículo Montaxes

Acompaña o Xefe de Seguridade Treito axudándolle a solucionar as deficiencias detectadas por aquél que non requiran a intervención do vehículo de cintas. Prestan especial atención os peches de camiños e seguridade público facendo unha primeira intervención e reportando ós vehículos seguintes os puntos onde deberán prestar especial atención.

**MEGAFONIA** 45'

### Vehículo Megafonía

A súa misión básica é informar o público de que a estrada está pechada o tráfico, recomendará o público as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Da mesma maneira irá comprobando o Plan de Seguridade e corrixindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.

**GUARDIA CIVIL DE TRÁFICO** 40'

### Guardia Civil de Tráfico

Verificará o correcto montaxe dos peches de carreteira, como as dotación as forzas de orde público nas zonas previstas no Plan de Seguridade. Pese a non tratarse dun coche da caravana de seguridade axustarase o horario establecido e seu paso será obrigatorio por todos os treitos.

**OBSERVADOR DA FGA** 40'

### Observador FGA

O Observador da FGA revisará o correcto montaxe do treito cronometrado: Montaxe dos postos de control, dispoñibilidade e ubicación dos servizos do treito, emisoras e oficiais do mesmo, sen descuidar o cumprimento do Plan de Seguridade no que se refire a seguridade dos espectadores.

**XEFE DE SEGURIDADE** 35'

### Xefe de Seguridade Vial

Verificará todo o percorrido do rallye; Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrixindo e prestando especial atención as derradeiras deficiencias que os vehículos anteriores houberan observado. Será un persoa de confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materia de seguridade, xa que terá plena potestada para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.

**DELEGADO DA FGA** 30'

### Delegado de Seguridade da FGA

Revisará o correcto montaxe do Plan de Seguridade, irá velando pola correcta ubicación do público en zonas habilitadas para tal fin. Corrixirá a ubicación do público mal situado informando os vehículos que o suceden para que comproben a reubicación do público. Terá plena potestade para atrasar o inicio de un treito e poderá recomendar a dirección de carreira a anulación de un treito se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (esta decisión quedará sempre en mans do director adxunto na estrada, coche 0 e director de carreira en oficina).

**DIRECTOR ADXUNTO "00"** 20'

### Director Adxunto na estrada "00"

Persoa moi integrada na organización con ampla experiencia e capacidade para aconsellar para cancelación dun treito. Verifica en especial a situación e seguridade dos espectadores corrixindo as últimas deficiencias a instancias do Delegado. O seu horario está calculado para que poda finalizar o treito antes da saída do primeiro participante por si o Delegado de seguridade decidira que fora él quen dera o OK a saída do treito.

**VEHÍCULO "0"** 10'

### Vehículo "0"

Avisa os espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experto, con experiencia en materia de seguridade. Controlarase o seu paso por todos os C. H. de treitos e parques xa que irá provisto de carne de control. Dara a última verificación do correcto montaxe do treito cronometrado a dirección de carreira autorizando o inicio do mesmo.

### Vehículos de competición

**"00" ESCOBA**

### Vehículo Escoba

Ninguén se poderá mover por o treito antes do paso de este vehículo. O seu paso producirase despois da saída do último participante. Ira recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controlos horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonen a proba e informando a dirección de carreira de se estes últimos molestan ou precisan de grúa para dar comezo a seguinte pasada do treito.

## Artigo 5º: PREPARACIÓN DO TREITO CRONOMETRADO

### 5.1- CARTEIS ANUNCIATIVOS DE CORTES DE ESTRADA

Dende alomenos 15 días naturais antes da proba, e comprobando a semana e días anteriores a mesma, que continúan estando COLOCADOS E VISIBLES, deberanse FIXAR nas estradas onde se desenrole o treito cronometrado, e nos accesos e vías de evacuación do mesmo, **carteis anunciativos do corte da estrada prevista**, especificando os horarios estimados de peche o tráfico rodado da estrada, co fin de que o resto de condutores da mesma teñan coñecemento de elo e non lles xenere un problema, nin inconvinte á realización do treito.

### 5.2- CRITERIOS PARA AS ZONAS DE PÚBLICO E ZONAS PROHIBIDAS

Ó revisar un treito cronometrado é necesario identificar as partes do treito que presentes riscos superiores o que se podería considerar normal.

Trataríase de puntos como:

- Cambios de rasante e/ou saltos.
- Curvas moi cerradas.
- Cruces de estradas.
- Escapatorias (**Recomendase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír lanzada cara os espectadores**).
- Camiños ou sendas que accedan o treito, por onde unha vez pechado este o tráfico poidan acceder vehículos axenos a proba. (bicicletas, motos, quads, coches, tractores).

**(Recoméndase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores).**

- Dobre cambio de sentido. (Curvas en S).
- Curva de media velocidade despois de unha zona moi rápida.

E ademais de todas estas, existen outras moitas zonas que a hora da realización do montaxe de seguridade requirirán especial atención.

Unha vez identificados todos estes puntos, e necesario determinar as necesidades específicas que deberán terse en conta no plan de Seguridade:

- Inclusión de escapatorias. (**Recoméndase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores**).
- Identificación das zonas elevadas nas que o público se poida ubicar con seguridade.
- Cruces de estradas e camiños que accedan o treito. (**Recomendase non utilizar valla metálica, xa que no caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores**).
- Identificación das zonas PROHIBIDAS ó PÚBLICO.

Unha vez estudado todo o treito e identificados os puntos que requiren de especial atención en termos de seguridade, deberemos indicar no PLAN DE SEGURIDADE, cada punto de control de seguridade indicando os seguintes datos:

- Fotografía e ubicación do peche de Estrada na Saída e na Meta
- Unha breve descrición do punto e dos riscos existentes.
- Orde do punto dentro do treito.
- Distancia do punto a Saída do treito
- Os medios materiais e humanos que se disporán no punto. (Cintas, carteis, Comisarios de ruta, de radio)

### 5.3- CATEGORIAS DE ZONA

#### **CATEGORIA 1**

As zonas de pouco risco poden xestionarse simplemente coa colocación de cintas ou carteis que identifiquen os puntos a partir dos cales o público non ten permitido o paso, ou en caso de ser necesario se impida o acceso de persoas ou mesmo vehículos. Ademais en caso necesario disporase de comisarios debidamente identificados e formados

#### **CATEGORIA 2**

Son zonas de risco medio, nas que e necesario ter comisarios para colaborar na ubicación do público. En estas zonas deberan colocarse cintas de zona prohibida o público así como carteis de perigo, e se e necesario dispor de escapatorias.

#### **CATEGORIA 3 – ZONAS ESPECIAIS**

Son as zonas de máis risco, importantes cambios de dirección, curvas en S, Saltos ou Rasantes, etc.

Todas as zonas especiais deberán identificarse como zonas prohibidas, exceptuando as zonas elevadas habilitadas para o fin da ubicación correcta do público. En todas estas zonas de risco 3 deberá haber un numero de comisarios acorde a cantidade de público que podía haber.

#### **CATEGORIA 4 – ZONAS ESPECTACULO**

Dende a FGA e a Comisión de Seguridade recomendase os organizadores que promovan ZONAS ESPECTACULO para o público. Estas zonas estarían dotadas de:

- Aparcamento para os afeccionados, en eles se podería cobrar unha colaboración
- Habilitar zonas seguras para os espectadores con boa visibilidade, elevadas e sen risco
- Instalación de Food Trucks

Con este pretendese concentrar a maior parte dos afeccionados nunha zona que o organizador lle interese, e evitarnos que en zonas de risco se concentre público que cree un posible conflito.

#### 5.4- UTILIZACIÓN DO ENCINTADO


##### CINTA VERMELLA- ZONA PROHIBIDA O PÚBLICO

A cinta vermella deberá colocarse solo e exclusivamente en zonas prohibidas, nunca se encintará con color vermello o peche dun camiño ou acceso o treito, a non ser que nel non poida situarse o público.

O ideal sería realizar un primeiro encintado delimitando a zona prohibida, e outro encintado con cinta amarela, posterior o primeiro, e deixando un pasillo de seguridade e prohibición entre ambas dúas.

Por definición deberá encintarse con cinta vermella sempre:

- Todas as curvas pronunciadas, especialmente na traxectoria exterior das mesmas, e dependendo do caso tamen na parte interior.
- Os Gardarraís e petrís das estradas.
- As zonas anteriores e posteriores a un rasante ou salto.
- As zonas de controis de cronometraxe
- Todas aquelas zonas, que a hora de realizar a montaxe, o esixan.



##### CINTA AMARELA – ZONA AUTORIZADA O PÚBLICO

Deberá ser utilizada soamente naquelas zonas elevadas, seguras e sen risco para o público.



## CINTA DE ESTRADA PECHADA POR PROBA DEPORTIVA

Deberase encintar con esta cinta, todos aqueles camiños, sendas e estradas laterais o treito e que dean acceso o mesmo, e ademais en case de ser necesario reforzalo con Carteis Horarios de Peche de Estrada. **(Recomendase non utilizar valla metálica, xa que en caso de golpeala pode saír despedida cara os espectadores)**

### Artigo 6º: MEDIOS PARA CADA TREITO CRONOMETRADO

En cada un dos treitos cronometrados, deberase de contar cos seguintes medios:

#### **Saída:**

- .- 1 Ambulancia SVB con 2 TES.
- .- Recomendase a presenza de 1 SVB no parque de traballo dos Rallyes.
- .- 1 Ambulancia SVA con 1 TES. (Recomendase que esta Ambulancia veña equipada a maiores con un 2º Médico, así en caso de ser necesario trasladar debido a un accidente, non sería necesario neutralizar o treito.)
- .- 1 Vehículo R do E.M.S. Galicia, con Médico, DUE e Piloto Rescatador
- .- 2 guindastres para o remolque de participantes dentro do treito.
- .- 1 Dotación de Bombeiros ou Protección Civil, dotados con CAMIÓN ou VEHÍCULO TIPO PICKUP, equipados con:
  - .- Equipo contraincendios
  - .- Equipo de limpeza de estradas
  - .- Equipo de excarceración. (Este punto e moi recomendable, debido a que en caso de actuación apoiarían o Vehículo R prestando rapidez e axilidade)
  - .- Vehículo de Xefe de Seguridade de Treito, dotado con luces e sereas, e equipado con comunicación co Xefe de Treito, levará sepiolita, extintor, escobón, cintas de repostos e unha eslinga de remolque.
  - .- Vehículo de comunicacións, equipado con emisora co Xefe de Seguridade do Treito e mais con Dirección de carreira.
- .- Comisarios necesarios para o correcto desenrolo.

#### **TREITO:**

- .- Comisarios de Radio, ubicados o longo do treito, con táboa de control de paso e rede de transmisión co vehículo de comunicacións do treito.
- .- Comisarios de Ruta para a correcta seguridade do público.

#### **CONTROL STOP:**

- .- Comisarios necesarios para o correcto desenrolo do control.
- .- Vehículo de comunicacións, equipado con emisora para transmitir información a saída.
- .- Extintor, escobón e sepiolita.

### Artigo 7º: MONTAXE DE COMUNICACIÓNS E SEGUIMENTO G.P.S.

SEGURIDADE OBRIGATORIA PARA RALLYES: Estarase ao disposto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo

## ANEXO VIII

### PARQUES PECHADO E DE TRABALLO

Artigo 12.- PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E PARQUE PECHADO-TRABALLO. (O resto da normativa atopase no artigo 12 das prescricións comúns dos Campionatos e copas de Galicia publicado no Anuario 2023).

#### ZONA DE MARCAXE



Preaviso  
C.H.LL.



C.H.LL.  
Entrada P.T.



Preaviso  
C.H.S.




C.H.S.  
Saída P.T.



Marcaxe de  
Pneumáticos



Fin de Zona  
de Control



#### CONTROL DE MARCAXE



Preaviso  
C.H.LL.



C.H.LL.  
Treito Crono.



Preaviso  
Control Marcaxe




Control  
de Marcaxe



C.H.S.  
Treito Crono.



Fin de Zona  
de Control



## ANEXO IX

### CARAVANA RALLYES

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:



## Composición da caravana de seguridade

<p><b>CINTAS</b> 70'</p>	<p><b>Vehículo Cintas</b> Dispoñeráse igualmente dun vehículo que poderá traballar no mesmo ata última hora. Recomendase o organizador que este vehículo sea unha furgoneta. Realizará a revisión das montaxes das zonas especiais de seguridade e os peches de camiños correspondentes, corrixindo a pedimento do responsable do vehículo de Seguridade todas as deficiencias atopadas.</p>
<p><b>XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO</b> 60'</p>	<p><b>Vehículo Xefe de Seguridade Treito</b> A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar e comprobar o correcto montaxe dos peches de camiños e ou estradas previstos no plan de seguridade. Tras el circulará o denominado vehículo Cintas o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.</p>
<p><b>MONTAXES</b> 60'</p>	<p><b>Vehículo Montaxes</b> Acompaña o Xefe de Seguridade Treito axudándolle a solucionar as deficiencias detectadas por aquél que non requiran a intervención do vehículo de cintas. Prestan especial atención os peches de camiños e seguridade público facendo unha primeira intervención e reportando os vehículos seguintes os puntos onde deberán prestar especial atención.</p>
<p><b>MEGAFONIA</b> 45'</p>	<p><b>Vehículo Megafonia</b> A súa misión básica é informar o público de que a estrada está pechada o tráfico, recomendará o público as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Da mesma maneira irá comprobando o Plan de Seguridade e corrixindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.</p>
<p><b>GUARDIA CIVIL DE TRÁFICO</b> 40'</p>	<p><b>Guardia Civil de Tráfico</b> Verificará o correcto montaxe dos peches de carreteira, como as dotación as forzas de orde público nas zonas previstas no Plan de Seguridade. Pese a non tratarse dun coche da caravana de seguridade axustarase o horario establecido e seu paso será obrigatorio por todos os treitos.</p>
<p><b>OBSERVADOR DA FGA</b> 40'</p>	<p><b>Observador FGA</b> O Observador da FGA revisará o correcto montaxe do treito cronometrado: Montaxe dos postos de control, dispoñibilidade e ubicación dos servizos do treito, emisoras e oficiais do mesmo, sen descuidar o cumprimento do Plan de Seguridade no que se refire a seguridade dos espectadores.</p>
<p><b>XEFE DE SEGURIDADE</b> 35'</p>	<p><b>Xefe de Seguridade Vial</b> Verificará todo o percorrido do rallye; Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrixindo e prestando especial atención as derradeiras deficiencias que os vehículos anteriores houberan observado. Será un persoa de confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materia de seguridade, xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.</p>
<p><b>DELEGADO DA FGA</b> 30'</p>	<p><b>Delegado de Seguridade da FGA</b> Revisará o correcto montaxe do Plan de Seguridade, irá velando pola correcta ubicación do público en zonas habilitadas para tal fin. Corrixirá a ubicación do público mal situado informando os vehículos que o suceden para que comproben a reubicación do público. Terá plena potestade para atrasar o inicio de un treito e poderá recomendar a dirección de carreira a anulación de un treito se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (esta decisión quedará sempre en mans do director adxunto na estrada, coche 0 e director de carreira en oficina).</p>
<p><b>DIRECTOR ADXUNTO "00"</b> 20'</p>	<p><b>Director Adxunto na estrada "00"</b> Persoa moi integrada na organización con ampla experiencia e capacidade para aconsellar para cancelación dun treito. Verifica en especial a situación e seguridade dos espectadores corrixindo as últimas deficiencias a instancias do Delegado. O seu horario está calculado para que poda finalizar o treito antes da saída do primeiro participante por si o Delegado de seguridade decidira que fora el quen dera o OK a saída do treito.</p>
<p><b>VEHÍCULO "0"</b> 10'</p>	<p><b>Vehículo "0"</b> Avisa os espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experto, con experiencia en materia de seguridade. Controlarase o seu paso por todos os C. H. de treitos e parques xa que irá provisto de carne de control. Dará a última verificación do correcto montaxe do treito cronometrado a dirección de carreira autorizando o inicio do mesmo.</p>
<p><b>"00" ESCOBA</b></p>	<p><b>Vehículos de competición</b></p>
<p><b>"00" ESCOBA</b></p>	<p><b>Vehículo Escoba</b> Ningún se poderá mover por o treito antes do paso de este vehículo. O seu paso producirase despois da saída do último participante. Irá recolectando as tiras de tempos e planillas dos distintos controlis horarios, os camérs de control dos distintos vehículos que abandonen a proba e informando a dirección de carreira de se estes últimos molestan ou precisan de grúa para dar comezo a seguinte pasada do treito.</p>

### **ADVERTENCIA:**

Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licenza de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos / Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, CD-GA ou JOC-GA, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, emitirase unha acta-informe que será entregada polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

## **ANEXO X**

### **OUVREURS**

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

- A.- Escrito, solicitude.
- B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
- C.- Licenza de piloto, do condutor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos "ouvreurs" teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do condutor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo "ouvreur" ascende a 350€+20€ GPS, total 370€.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo "ouvreur" será aceptada polo organizador sen incluía fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada "ouvreur" deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos "ouvreur" portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números reflectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo. A maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto "OUVREUR A N°"...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos "ouvreurs" nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º "ouvreur" 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante.

10.- Os vehículos "ouvreurs" circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pé.

11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos "0" da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcar nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo "00 - escoba" que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o "ouvreur", a súa placa de "ouvreur" queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos condutores dos vehículos "ouvreurs", entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.



## ANEXO XI

### PODIO DE SAIDA OBRIGATORIO



Os Comités Organizadores (Rallyes) que non cumpran escrupulosamente o antedito non terán opción a poñela publicidade (as lonas serán enviadas pola Federación Galega de Automobilismo), no Podio de Saída.

Para a tempada 2023 escolleranse tódolos rallyes do calendario da Federación Galega de Automobilismo, para o “Supercampionato R5 2023” e sucesivos.

Os Comités Organizadores (Rallyes) que non cumpran escrupulosamente o antedito non terán opción a pertencer ó Supercampionato da tempada seguinte.

Así mesmo e en cumprimento do convenio asinado polo Comité Organizador do Rallye, coa Secretaria Xeral para o Deporte, terase que poñer no Podio os logos da Secretaría Xeral para o Deporte, e do de Deporte Galego.

## ANEXO XII

### SISTEMA GPS DURANTE O TRANSCURSO DA PROBA

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións Técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar a Organización ós equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas. Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

#### **1.- Funcionamento:**

- 1.1. O sistema deberá ter pulsador SOS.
- 1.2. O pulsador SOS, deberase usar UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- 1.3. Deberase manter pulsado (segundo se indique nas instrucións) no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- 1.4. Nalgúns modelos de GPS empregados, ao apertar o pulsador, deberase activar automaticamente unha conexión por voz coa Dirección de Carreira.
- 1.5. En caso de ter que abandonar o vehículo con urxencia (por exemplo: incendio ou envorco) o GPS poderá ser extraído do vehículo e poderíase utilizar como un teléfono móbil.
- 1.6. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle.
- 1.7. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- 1.8. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

#### **2.- Bandeira amarela electrónica:**

- 2.1. Nesta proba puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados co sistema de bandeira amarela electrónica.
- 2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- 2.3. Unicamente poderase activar / desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.
- 2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira amarela, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.
- 2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo do Regulamento Particular:

*“Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do tramo cronometrado, non poderá exceder de 80 quilómetros/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa.”*

Non respectar esta regra comportará unha penalización a criterio dos Comisarios Deportivos

#### **3.- Entrega devolución do aparello GPS:**

- 3.1. A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no parque pechado ao finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.
  - 3.2. En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
  - 3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
  - 3.4. O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que ó devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 €uros a pagar ó Organizador.
- Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia:



## SOS

+ 3 seg.

Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.



## OK ?

Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.

Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.

+ 3 seg. Solicitud de SOS.



## Precaución

3 seg.

Vehículo parado.

*Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.*



## Bandera Amarilla (Yellow Flag)

Participante neutralizado.

*Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.*



Pulsar botón ESC para confirmar bandera electrónica.



## Modelo Spica II

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.

=



## Modelo Stella III

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:

SOS + 3 seg.

## **ANEXO XV:** **SUPER RALLYE**

1.- Os equipos retirados durante o transcurso da proba se lles permite reengancharse á proba mediante o Sistema de Súper Rallye, nas seguintes condicións:  
Os equipos retirados na primeira sección permíteselle a reincorporación en base o artigo 8.12.2 das Prescricións Comúns para Rallyes.  
Os equipos retirados na segunda sección, permíteselle a reincorporación en base o artigo 8.12.1 das Prescricións Comúns para Rallyes.

2. – Si un equipo, toma a decisión de reengancharse, deberá comunicar a súa intención por escrito (modelo no Roadbook), ó Director de Carrera a través do Oficial Relacións cos Concursantes.

3. - Si un Equipo, abandona na Primeira Sección do rallye (etapa do venres), dispoñen de ata 30 minutos antes da hora prevista para a publicación da lista de saída da segunda etapa, para comunicar a súa intención.

Os Comisarios Deportivos incluírán os solicitantes na lista de autorizados a tomala saída na 2ª etapa no lugar, que baixo o seu criterio, consideren máis idóneo.

O equipo ó completo deberá presentarse no parque Parque Pechado Lugo, de inicio da segunda sección, 45 minutos antes da súa hora teórica de saída na segunda sección, para que sexan verificados de novo polos comisarios técnicos.

4.- Si un equipo abandona na Segunda Sección do rallye (1ª sección da etapa do sábado), deberá reincorporarse no Reagrupamento Boulevard Sarria (fin da 3ª Sección e inicio da 4ª Sección), onde deberá pasar unha verificación técnica.

O equipo debe solicitar incorporarse como máximo ata 30 minutos antes da súa hora de entrada teórica no Reagrupamento onde se permite o Super Rallye (control horario 32). A estes efectos se tomará como referencia, a hora teórica de chegada do dorsal anterior máis próximo. Será obrigatorio comparecer a esa hora teórica o equipo completo (piloto, copiloto e vehículo en condicións de continuar a proba) no control horario 32 de entrada ó Reagrupamento para recoller o carnet de ruta, o cal deberá estar marcado coas letras SR (cuño, selo ou a man polo comisario). A incorporación do equipo á carreira se realizará na saída do Reagrupamento de mediodía (Control Horario 33). No reagrupamento se pasará unha verificación técnica, salvo que se determine facela no parque de asistencia posterior.

O Director de Carreira reposicionará ó equipo no último lugar da orde de saída do rallye, salvo que por motivos de seguridade se estime conveniente recolocar ó equipo en outra posición. No caso de equipos participantes nunha copa se recomenda recolocalos por detrás do último participante na devandita copa. Non prevalece para este tipo de participantes o disposto no artigo 8.5 das Prescricións Comúns para ralis respecto á orde de saída dun reagrupamento. Deberase informar ós Comisarios Deportivos da decisión ou decisións tomadas ó respecto.

5.- Si un equipo abandona na Terceira ou Cuarta Sección, non será posible que se reenganche en SR.

6.- En calquera caso, o equipo que se acolla á modalidade de Super Rallye se lle aplicará unha sanción de 5 minutos engadidos ó peor tempo da súa agrupación por cada tramo cronometrado non realizado ou non completado, aparecendo como clasificado na clasificación scratch, pero sen ter dereito a premios e puntos nas copas e trofeos nos que participe. O peor tempo se entende como aquel no que o participante non tivo incidentes no tramo cronometrado.

Si un equipo é excluído por exceso de penalización ou por calquera outro motivo, non poderá usar o Super Rallye.

7.- Esta reincorporación é unha opción para os equipos, non podendo esixir ao organizador que lle retire do treito o vehículo avariado ou accidentado, sen prexuízo de que os organizadores, na medida do posible, poderán colaborar para elo, sempre e cando o transcurso da proba por horarios o permita. As faltas de respecto a calquera membro da organización, para a súa inclusión no Super Rallye será automaticamente motivo para non concedelo. Os intentos de retrasar ou variar o transcurso da proba de maneira intencionada está regulado no artigo 2.1.5.7 das prescricións comúns para rallyes

Desta forma, todo equipo responsable ou cómplice dunha interrupción de carreira ou dun incidente que pretenda retrasar ou variar o transcurso da proba de MANEIRA INTENCIONADA, a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, será excluído da proba e da copa na que estivese encadrado en dita proba, se fose o caso. Así mesmo daráselle traslado ao Tribunal Galego de Apelación da FGA da infracción, con proposta de exclusión do campionato e retirada da licenza federativa.



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO



Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



Consejo Superior de Deportes



DEPUTACIÓN DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA

### MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE

AATT.: Dirección de Carreira e dos Sres. Comisarios Deportivos da proba \_\_\_\_\_.

O Concursante (Escudería) \_\_\_\_\_ con número de licenza \_\_\_\_\_, representando ó piloto \_\_\_\_\_ (Teléfono: \_\_\_\_\_) con licenza \_\_\_\_\_ participante na citada proba, co dorsal número \_\_\_\_\_.

#### EXPÓN:

---

---

---

---

#### SOLICITA:

---

---

---

---

#### RECIBIDO ÁS:

#### RRPP.:

Nº de Licenza:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**ANEXO XVI:**  
"DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS"

**MODELO DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA SUPERCAMPIONATOS (R5 e N5) E COPAS DE PROMOCIÓN**

Nº DE PARTICIPANTE
--------------------

<b>PLACA DA PROBA</b>
-----------------------

## DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS

PROBA \_\_\_\_\_

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

SECCIÓN 4	
SECCIÓN 5	
SECCIÓN 6	

Nota: Asinar cunha  cada sección

Copiloto D. \_\_\_\_\_

Número de licenza \_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_      Vehículo Nº: \_\_\_\_\_

Declaro que os códigos de barras dos pneumáticos a empregar na sección indicada son:

	CÓDIGO DE BARRAS
Pneumático 1	
Pneumático 2	
Pneumático 3	
Pneumático 4	
Pneumático Reposto 5	
Pneumático Reposto 6	

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente documento,

en \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do

Asdo:

VºBº Comisario Técnico

Licenza \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Licenza \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Hora recepción \_\_\_\_/\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_